

DECRETO

ASIGNACIÓN DUNHA DEDICACIÓN PARCIAL A DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, CONCELLEIRA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN (2024/G001/005451).

Examinado o expediente tramitado para os efectos, e visto que no Pleno celebrado o pasado día 25 abril de 2024 tomou posesión como concelleira desta Corporación, dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Tendo en conta, así mesmo, que esta Alcaldía ditou o Decreto número 4036/2024, do 30 de abril de 2024, no que se reflicte unha nova organización municipal con motivo da toma de posesión da concelleira antes sinalada, asignándolle a Concellería Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión.

E visto o acordo número 8/90 do Pleno do 30 de maio de 2024, polo que se aprobou MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez por Acordo número 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024-, que resolve no seu parágrafo PRIMEIRO.A).3 que *dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de **37.548,84 euros**, repartidos en catorce mensualidades ao seguinte cargo:*

- *Á concellería delegada de Muller, Igualdade e Inclusión.*

En virtude de todo o cal, e tendo en conta o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinando a presidenta da corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación, RESOLVO:**

Primeiro.- Asignar unha dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) a dona María de los Ángeles Novo Martínez, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión, na contía de 37.548,84 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos incrementos anuais que correspondan) con efectos do 1 de maio de 2024.

Segundo.- Notificarlle esta resolución á dita concelleira coas seguintes indicacións:

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas e parciais é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac4706338270670870567.doc

Asunto: ASIGNACIÓN DUNHA DEDICACIÓN PARCIAL A DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES
NOVO MARTÍNEZ

desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.

- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva ou parcial require a súa aceptación polo designado ou designada que, neste caso, terá efectos do 1 de maio de 2024.

Terceiro.- Notifíqueseles aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos e o aboamento das retribucións que correspondan.

Cúmprase.

Asinado electronicamente pola Excm. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.